

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE ABRIL DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/231/2014.- ASOCIACIÓN CAMPOSANTO DE CARBALLAL.- Conceder licenza para obras de ampliación do cemiterio no lugar de Quintas de Carballal – Lavacolla.

LIC/157/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza para executar as obras de cubrición dunha escaleira especialmente protexida e reforma da ventilación mecánica dos garaxes dun edificio de vivendas en rúa Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, 12-14.

LIC/829/2016.- MARÍA INÉS YÁÑEZ BREA.- Conceder licenza para a rehabilitación de tres vivendas existentes no inmovible sito na rúa Costiña do Monte nº 1.

LIC/1843/2015.- ENRIQUE MONTERO TORREIRO.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Sarela de Abaixo.

LIC/1723/2016.- ANA DURÁN LOSADA.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Luis Vázquez de Parga nº 10.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para obras de ampliación do cemiterio no lugar de Quintas de Carballal-Lavacolla. LAP/231/2014. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de cubrición dunha escaleira especialmente protexida e reforma da ventilación mecánica dos garaxes dun edificio de vivendas en rúa Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, 12-14. LIC/157/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación de tres vivendas existentes no inmovible sito na rúa Costiña do Monte, nº 1. LIC/829/2016. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Sarela de Abaixo. LIC/1843/2015.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Luis Vázquez de Parga, nº 10. LIC/1723/2016. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á transmisión da licenza de taxi número 25, da titularidade de D. BERNARDO GARCÍA MOURE, a favor de D. MANUEL NEIRO MOGO. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión gratuíta para uso de viarios da segregación dunha parcela sita en Sionlla de Arriba. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución das cantidades entregadas por MONTE DE SANTAS MARIÑAS E DOLMEN ASESORES INMOBILIARIOS a conta das parcelas BB5 e BB2 do SUNP-11 do CASTIÑEIRIÑO por execución das sentenzas dos xuízos 296/2015 e 282/2015 do Xulgado de 1ª Instancia Nº 1 de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

10-82.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

83.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico para dar conta da resolución do Servizo Galego de Saúde, de concesión demanial a favor do concello de 5 metros dende o punto das máximas crecidas ordinarias do río Sar ao seu paso por unha finca da C.A. de Galicia en Conxo. Dase conta da resolución do presidente do Sergas de concesión demanial e de autorización para a realización dunha senda peonil ao seu paso polas fincas do Sergas en Conxo. As obras de apertura da senda realizaránse a través do Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil, para o que o Concello achega 50.000 euros para sufragar os custos de materiais de obra, e a Consellería de Economía, Emprego e Industria os referidos aos custos de persoal.

84.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, correspondente aos exercicios 2017 e 2018. Apróbase a solicitude de subvención para o 100% dos custos á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da vía de programación ordinaria para os centros de San Xuáns de Aríns e Cersia.

85.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2017. Apróbase a solicitude dunha subvención de 25.000 euros. O custo total da actividade é de 43.581,52 euros

86.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza para responder do contrato de "Construción no barrio de Santa Marta dun equipamento sociocultural consistente no primeiro centro cívico con sala independizable de usos múltiples, incluída no FES 2010". Apróbase a proposta.

87.- Proposta da alcaldía relativa á xustificación do cumprimento das condicións da subvención para o reforzo do servizo de Normalización Lingüística, concedida pola Deputación da Coruña para o exercicio 2016. Apróbase a proposta.

88.- Proposta da alcaldía para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio da cidade de Santiago para realizar o espectáculo "Fogos do Apóstolo 2017". Dase conta

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación definitiva da expropiación do dereito de ocupación da edificación no recinto do colexio Lamas de Abade. Acórdase rexeitar as alegacións presentadas pola persoa afectada e apróbase definitivamente a expropiación polo procedemento de taxación conxunta do dereito de uso e posesión en relación ao espazo destinado a vivenda no sistema dotacional ocupado polo CEIP Lamas de Abade, co obxecto de incorporar tal espazo ao uso docente que o planeamento establece para a peza e poñelo a disposición da consellería de Educación a eses efectos.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao inicio de procedemento de esixencia de responsabilidades á adxudicataria do contrato de asistencia xurídica da corporación, por presuntos incumprimentos parciais das súas obrigas. Apróbase a proposta

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local do día 23 de febreiro de 2017, relativa á participación do Concello de Santiago no Plan POS + da Deputación da Coruña. Apróbase a proposta.

4.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda en relación á xestión do cobro da taxa de auga, saneamento e lixo. Acórdase:

1.-Que a empresa que presta o servizo de augas entregue ao Concello nos primeiros dez días de abril e outubro un ficheiro coa copia escanada das notificacións das altas, baixas e modificacións. Na copia debe constar a recepción do obrigado tributario.

- 2.-A empresa que presta o servizo entregará ao Concello nos primeiros dez días dos meses de abril e outubro un ficheiro cos movementos de altas, baixas e modificacións das unidades fiscais do período.
- 3.-A empresa que presta o servizo, ademais da elaboración dos padróns e da súa remisión ao Concello como ven facendo, publicará o anuncio de exposición ao público na súa páxina web e remitirá o anuncio a dous dos diarios de maior difusión da provincia.
- 4.-A empresa que presta o servizo entregará ao Concello nos primeiros dez días de abril e outubro un ficheiro coa relación de recibos pendentes de cobro para que o Concello xestione o cobro en vía executiva (recibos para os que teña transcorrido o prazo de 18 meses desde o remate do período voluntario de cobro), A partir da entrega, a empresa non poderá realizar ningunha actuación sobre eses recibos
- 5.-O Concello verificará no prazo de 15 días que os recibos conteñen os datos necesarios para a súa xestión en vía executiva, e só serán incorporados á aplicación municipal os recibos pendentes de obro que teñan todos os datos necesarios.
- 6.-A empresa que presta o servizo entregará ao Concello no prazo de dez días a contar desde a recepción dos informes derivados da carga a executiva dos recibos, a liquidación do período entregado e ingresará, de ser o caso, os importes dos cobros da taxa do lixo que correspondendo ao período liquidado no estiveran ingresados
- 7.-O Concello entregará nos meses de abril e outubro á empresa que presta o servizo os informes xustificativos da liquidación do produto da recadación executiva do semestre inmediato anterior das taxas de auga, saneamento e depuración.